



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE ASPIRANTES ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE TRES (3) PEÓNS FORESTAIS ANTECEDENTES:

Por orde do 12 de abril de 2021 da Consellería de Emprego e Igualdade establecéronse as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) (DOG nº 73 de 20 de abril).

Recibida resolución de concesión de subvención, de data 30/06/2021 da Consellería de Emprego e Igualdade para a contratación de tres (3) peóns forestais por un período de 9 meses.

Por resolución da Alcaldía núm. 2021-118 aprobouse a convocatoria e as bases reguladoras que rexerán o procedemento selectivo para a contratación de tres peóns forestais para a "Mantemento de parques e espazos naturais do Concello de Frades", mediante o sistema de concurso-oposición, previa presentación oferta de emprego na Oficina de Emprego de Ordes.

O 9 de xullo de 2021 rematou o prazo para a presentación de solicitudes, para tomar parte no proceso selectivo, daqueles/as candidatos/as preseleccionados pola Oficina de Emprego.

Logo de revisada a lista de candidatos recibida da Oficina de Emprego e as solicitudes de participación e comprobado o cumprimento dos requisitos, esixidos na base cuarta desta convocatoria, procede aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas.

De conformidade coa base sétima das que rexen o proceso selectivo, esta Alcaldía, en uso das facultades que lle están conferidas, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar **provisionalmente admitidas** ó proceso selectivo de referencia, ás seguintes persoas por ter presentada en tempo e forma a documentación relacionada na base sexta das que rexen este procedemento:

ADMITIDOS/AS

Apelidos e nome	DNI	Proba de lingua galega
J.G.A.	*****641R	EXENTO
R.D.B.G	*****295X	NON EXENTO
J.V.P	*****535B	EXENTO
J.M.G.B.	*****954C	EXENTO
M.B.M.S	*****855N	EXENTO

Segundo.- Aprobar **provisionalmente excluídas** ó proceso selectivo de referencia, ás seguintes persoas e polos seguintes motivos de exclusión:

EXCLUÍDOS/AS

Apelidos e nome	DNI	Motivo da exclusión
A.B.G	*****881Q	Falta certificado escolaridade ou título equivalente (base cuarta.4.a)
J.L.G.B.	*****919J	Falta certificado escolaridade ou título equivalente (base cuarta.4.a) Falta tarxeta de demanda de emprego (base cuarta. 4.b/a)
M.M.S.L	*****929S	Falta certificado escolaridade ou título equivalente (base cuarta.4.a)



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

		Falta tarxeta de demanda de emprego (base cuarta. 4.b/a)
--	--	--

Terceiro.- Ordenar a publicación no taboleiro de anuncios_ e na páxina web do Concello de Frades <https://frades.gal/>, da listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas, concedendo ás persoas interesadas **un prazo de 2 días hábiles** a contar dende o día seguinte ó da súa publicación, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión. De non presentarse emendas neste prazo, a relación de admitidos elevarase a definitiva.

Dispoñen do mesmo prazo as persoas que, presentando debidamente a solicitude no proceso, non consten nin como admitidas nin como excluídas nas listas publicadas.

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde, Roberto Rey Martínez